



BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS CON CARGO Á REDE RIES (REDE INMIGRACIÓN, ESCOLA E SOCIEDADE) PARA ESTADÍAS DO PERSOAL EN FORMACIÓN

Descrición:

As axudas teñen por obxecto reforzar o programa formativo e acelerar a realización da tese de doutoramento do persoal en formación dos grupos de investigación que integran a rede RIES. As actividades a realizar durante a estadía deben considerarse significativas e beneficiosas para o cumprimento axeitado dos fins da axuda concedida e non ser motivo de retraso na terminación dos estudos de doutoramento. As axudas poden aplicarse a estadías en España ou no estranxeiro.

Persoas Destinatarias:

Persoal en formación dos grupos que integran a rede RIES.

Nº de bolsas:

Unha por cada grupo de investigación, agás situacións ben xustificadas e sempre que haxa dispoñibilidade orzamentaria. Terán prioridade na adxudicación das axudas aquelas persoas que non teñan desfrutado das mesmas en anteriores convocatorias.

Requisitos:

Persoal en formación da Rede, que presente a memoria sobre as actividades a realizar na estadía segundo modelo do anexo I e que non gozara ou estea gozando no momento de cursar a solicitude doutras estadías. A memoria levará o visto e praxe do director/a da tese e do Coordinador/a do Grupo de Investigación, cun breve informe do director/a da tese, sobre a conveniencia da estadía e a idoneidade do centro receptor. A directora ou director da Tese deberá ser membro da Rede RIES.

Dotación:

Para estadías en España e Portugal, a dotación será de 20 € euros por día, cunha axuda para a viaxe de ata 120 €. Para estadías no estranxeiro, a dotación será de ata 40 € por día, cunha axuda de viaxe de ata 400 €, dependendo do país.

Duración:

A duración mínima da estadía será de dúas semanas e a máxima dun mes, a realizar entre o 1 de maio de 2015 e o 15 de outubro de 2015, tendo en conta que non poden realizarse durante o mes de agosto por ser non lectivo na USC. Excepcionalmente, e de estar xustificado, pódense conceder estadías de menor ou maior duración.



Prazo de presentación

- Desde: 01 de abril de 2015
- Ata: 15 de abril de 2015

Presentación de solicitudes:

As persoas interesadas en solicitar as axudas deben presentar a solicitude, vía correo electrónico, aos dous enderezos que se indican: mdelmar.lorenzo@usc.es e mjose.mendez@usc.es. Xunto coa solicitude, os candidatos /as enviarán a memoria das actividades a realizar durante a estadía, a carta de aceptación do centro ou institución receptores da estadía e a conformidade do Director/a da Tese e Coordinador/a do Grupo de Investigación ao que pertence o interesado/a.

Destino:

Centros ou institucións de Investigación en España ou no estranxeiro que impliquen cambio de residencia respecto do domicilio habitual e sexan diferentes dos centros de formación académica anteriores do candidato/a.

Proceso de selección:

A valoración das solicitudes farase en función de criterios como o obxecto da estadía, a duración, a idoneidade do centro de destino con relación á mellora da formación dos beneficiarios/as, plan de traballo, etc.

Comisión de valoración:

A comisión de valoración das solicitudes estará formada por catro persoas: o coordinador da rede, ou persoa na que delegue, que actuará como presidente; dous investigadores dos diferentes grupos que conforman a rede, que actuarán como vogais, e o administrativo da rede, que será o secretario da comisión, e non terá voto. Esta comisión reunirse unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e emitirá a resolución da mesma a través da páxina web da rede.

Documentación de seguimento:

Unha vez rematada a estadía, o beneficiario/a da axuda presentará á comisión:

- Breve memoria (1.000 palabras máximo), especificando as actividades realizadas nese período e o aproveitamento feito delas.
- Xustificación do día de inicio e finalización da estadía emitida polo/a responsable do centro receptor.
- Xustificantes dos gastos por desprazamento.



ANEXO I

Memoria sobre o obxecto da estadía

MODELO PARA A PRESENTACIÓN DA MEMORIA DE “ESTADÍAS BREVES”

DATOS PERSOAIS	
Apelidos e Nome:	NIF :
Centro:	
Departamento:	
Grupo de investigación:	
Investigador/a responsable:	
CENTRO DA ESTADÍA	
Nome do centro ou institución:	
Cidade:	País:
Investigador/a responsable da estadía:	
Cargo/categoría:	
DURACIÓN DA ESTADÍA	
Nº de semanas:	

